



Os obxectos contan a túa historia



**MUSEO
ETNOGRÁFICO
SAN PAIO
DE NARLA**

**DÍA
INTERNACIONAL
DOS MUSEOS
NOITE
DOS MUSEOS**

2011

Entrada gratuíta
Horarios de visita
Desde 1 de outubro ao 31 de marzo (martes a venres): de 11 a 14 e de 16 a 18 h., sábados, domingos e festivos, de 12 a 14 e de 16 a 18 h.
Permanecerá pechado os luns e os días 1 de xaneiro, 24, 25 e 31 de decembro.

Museo Etnográfico San Paio de Narla

Torre de Xiá
27220 Friol (Lugo)
Tfno.: 982 375 156
sanpaiodenarla@museolugo.org
www.museolugo.org.

Xerencia Rede Museística

Tfno.: 622 802 203 / xerencia@museolugo.org



DÍA INTERNACIONAL DOS MUSEOS 2011 NOITE DOS MUSEOS 2011

MUSEO e MEMORIA

Museo Etnográfico San Paio de Narla

[REDE MUSEÍSTICA DA DEPUTACIÓN DE LUGO]

Neste mes de maio, o sábado, 14, celebramos a *Noite dos Museos*, o martes, 17, o *Días das Letras Galegas*, e o 18, mércores, de 2011 conmemoramos, o *Día Internacional dos Museos* en todos os museos xestionados pola Rede Museística que depende da Área de Cultura da Deputación de Lugo.

O Comité Consultivo do ICOM, Consello Internacional de Museos, asociado á UNESCO, propón desde 1977 cada ano un tema que os museos poden utilizar para valorizar a súa posición no seo da sociedade, escollendo para este 2011 o lema *Museo e Memoria*.

Cos obxectos que conservan, os museos recadan historias e transmiten a memoria das comunidades nas cales vivimos. Estes obxectos son expresións do noso patrimonio natural e cultural. Moitos deles son fráxiles ou, ás veces, atópanse en situación de perigo, e necesitan ser conservados con moito coidado. O *Día Internacional dos Museos* dará a oportunidade aos seus visitantes de descubrir e redescubrir a súa memoria individual e colectiva.

Baixo o mesmo lema do *Día Internacional dos Museos* os museos europeos teñen na noite do día 14 de maio a **Noite dos Museos**, unha celebración que este ano patrocina por primeira vez o ICOM, e que propón prestar atención a temas como o coidado e acceso ás coleccións e documentos, á historia dos museo, á memoria esquecida e á relación entre a memoria, a comunidade e a identidade, incluíndo a identidade familiar. A actividade central deste celebración é o programa multimedia "A Piece of the Story" (Un pedazo de historia) para compartir unha historia fascinante ou extraordinaria sobre unha obra concreta de calquera museo.

En cada un dos museos da Rede Museística pretendemos, coas propostas que lle facemos para conmemorar estas datas, animalos a achegarse ao máis próximo, a que o sinta como seu, que tire proveito das actividades e, ao tempo, que percibe que a súa memoria, a persoal e a colectiva, a cultural, a artística e a histórica, non deixarían pegada se non existisemos os museos.

Convidámolo e agardámolo; estes museos son de todos e, ao tempo, de cada un de nós. Síntao, percíbao, lembreo sempre; este museo é seu.

PROGRAMA

Sábado, 14 de maio de 2011:

Noite dos Museos

23:00 h.

VISITA ILUMINADA. Convidámoslos a participar nesta visita guiada nocturna, seguindo unha iniciativa dos museos europeos que chama a atención sobre os obxectos expostos e a memoria, e sobre a experimentación de diferentes sensacións á hora de achegarse a un museo.

Os obxectos da memoria / A memoria dos obxectos

Todos os días, desde o 14 ao 21 de maio (ambos incluídos)

Os museos conservan obxectos que foron usados na vida cotiá doutras épocas e que nos permiten saber cómo se vivía no pasado. Propoñemos aos visitantes que escollan algún obxecto actual, de uso normal e regular na súa vida, que teña alguna relación coas coleccións do Museo Etnográfico San Paio de Narla para buscar entre os obxectos expostos aqueles doutras épocas que cumpriron a mesma función para os nosos devanceiros. Cos obxectos que aparezan teremos unha magnífica disculpa para ver con outros ollos o museo.

Mércores, 18 de maio de 2011:

Día Internacional dos Museos

Baixo o lema *Museo e memoria* o ICOM propón para este 2011 reparar no aporte á memoria individual e colectiva dos obxectos conservados nos museos. Un día de festa e de reivindicación do papel dos museos na sociedade.

11:00 h.

Atlas da memoria dos museos, por **Adriana López** e **Mara Rodríguez**

Atesouramos memoria a través das diferentes percepcións que nos achegan os sentidos: a vista, o tacto, o olfacto e o oído. Propoñemos unha actividade, un xogo, no que valéndonos de diferentes pezas representativas do museo (cocina), e a través das percepcións, dos estímulos e interrogantes que nos provoquen, elaborar un atlas do museo que, ao tempo, mapa a mapa, palmo a palmo, reconstrúa tamén a memoria de todos nosoutros.

12:00 h.

Teatro: *De serpes e segas*, polo grupo de teatro escolar "Algo máis que pan e queixo", do CPI Doutor López Suárez, Friol.

Tendal das letras

Durante toda a xornada realizarase unha exposición que rememora a historia do *Día das Letras Galegas* desde o dedicado a Rosalía de Castro en 1963 ata o deste 2011 para honrar a Lois Pereiro. O *Tendal das letras* é un arame físico onde pendurará a memoria, onde enxugar os perigos que ameazan a nosa lingua.

13:00 h.

Percorrido polas nosas letras e homenaxe a Lois Pereiro, conferencia con proxección arredor da historia e dos persoaios homenaxeados no Día das Letras Galegas desde 1963 ata 2011, a cargo de **Silvia Aldariz Quintela**

17:00 h.

Memorias de mulleres de aquí e de acolá
Video-proxección e mesa de debate con **Joselyn Ruíz**

20:00 h.

Conferencia-exposición: *Memoria da formación da estrutura militar, destrución, transformacións e rehabilitación do edificio do Museo de San Paio Narla*, por **José Ramón Soraluce Blond** e **José Ángel Santos Ferro**

Xoves, 19 de maio de 2011

As 11:30 e ás 13:00 h.

Teatro: *De serpes e segas*, polo grupo de teatro escolar "Algo máis que pan e queixo", do CPI Doutor López Suárez, Friol.

Sábado, 28 de maio de 2011

17:00 h.

Teatro: *De serpes e segas*, polo grupo de teatro escolar "Algo máis que pan e queixo", do CPI Doutor López Suárez, Friol.